

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LIN- GUA ESTRANXEIRA FRANCÉS

CURSO 2022-2023

IES ARCEBISPO XELMÍREZ II  
Departamento de Francés

Santiago de Compostela

## Índice

|  |           |
|--|-----------|
| <b>1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>  | <b>3</b>  |
| <b>2.PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN EN ESCENARIOS DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTES ASPECTOS:</b>  | <b>7</b>  |
| <b>3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE</b>  | <b>8</b>  |
| <b>4. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR</b>   | <b>13</b> |
| <b>5. LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO. MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS</b>   | <b>17</b> |
| <b>6- CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN . TEMPORALIZACIÓN</b> | <b>18</b> |
| <b>7.ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO</b>   | <b>38</b> |
| <b>8.METODOLOXÍA</b>   | <b>51</b> |
| <b>9.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b>   | <b>54</b> |
| <b>10.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b>   | <b>54</b> |
| <b>11.DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL</b>  | <b>56</b> |
| <b>12.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE</b>  | <b>56</b> |
| <b>13.ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA</b>   | <b>58</b> |
| <b>14.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO POXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL DO CENTRO</b>  | <b>58</b> |
| <b>15.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO</b>  | <b>59</b> |
| <b>16.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS</b>  | <b>60</b> |
| <b>17.ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN</b>  | <b>61</b> |
| <b>18.MATERIAIS DIDÁCTICOS</b>   | <b>61</b> |
| <b>19.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>   | <b>62</b> |
| <b>20.PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN/PRÁCTICA DOCENTE.</b>   | <b>62</b> |

## 1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A LOMCE lembra que o Consello Europeo reunido en Barcelona 2002 recolle entre as súas conclusións a necesidade de coordinar esforzos en pos dunha economía competitiva baseada no coñecemento, e insta aos estados membros da Unión Europea a desenvolver accións educativas conducentes á mellora das competencias clave, en particular mediante o ensino de, polo menos, dúas linguas estranxeiras desde unha idade moi temperá.

No mesmo sentido, e en relación coas aprendizaxes ao longo da vida, o Consello de Europa sinala que a finalidade da educación lingüística no mundo de hoxe non se debe ser tanto o dominio dunha ou máis linguas segundas tomadas illadamente como o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes da persoa. Así, para fomentar e facilitar a construción dun repertorio plurilingüe e intercultural, os currículos das etapas de ESO e Bacharelato inclúen, con carácter específico, a materia de Segunda Lingua Estranxeira.

Seguindo o sistema descritivo do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCERL), o currículo de Segunda Lingua Estranxeira correspondente a estas etapas recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que articularán a materia, co fin de que o alumnado poida desenvolver no segundo idioma que escollese, en sinerxia coa ensinanza da segunda lingua estranxeira na etapa de educación primaria, as competencias clave que lle permitan desenvolverse no devandito idioma con sinxeleza, pero con suficiencia, nas situacións habituais en que poida atoparse nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

De modo que a competencia de comunicación en lingua estranxeira é de por si unha competencia clave.

Pero, pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite de maneira transversal, axudar ao desenvolvemento das demais competencias clave e contribuír ao desenvolvemento dos alumnos e das alumnas como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias procurarán a aprendizaxe ao longo de toda a vida das persoas, cuxo proceso non debe deterse nas etapas obrigatorias da súa educación.

### **DATOS DO CENTRO:**

#### **IES Arcebispo Xelmírez II**

Rúa Irmandiños, 15, 15704 (Santiago de Compostela)

Teléfonos: 981 561 435 - 981 561 835 Fax: 981 557 065

E-mail: [ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es](mailto:ies.arcebispo.xelmirez.2@edu.xunta.es)

**PERFIL:**

O centro está situado na periferia norte de Santiago de Compostela, tendo como centros adscritos o CEIP de Vite I e o CEIP Arquitecto Casas Novoa de A Sionlla (Santiago), CEIP Monte dos Postes, CEIP Apóstolo Santiago e CEIP de prácticas López Ferreiro aínda que tamén recibimos alumnado doutros centros. Tamén temos un número importante de alumnado procedente do Concello de Sigüeiro, sobre todo do I.E.S. de Oroso, CPI Víaño Pequeno de Trazo e CEIP de Bembibre.

O alumnado de Secundaria presenta una heteroxeneidade que concirne ámbitos tan dispares como a nacionalidade, a lingua materna ou a capacidade cognitiva. Moitos dos alumnos ou das alumnas, ademais, caracterízanse por presentar deficiencias en canto ao seu nivel de desenvolvemento das competencias xerais, pola súa falta de interese pola aprendizaxe e por unha actitude de rexeitamento do esforzo persoal e da autoridade. Esta situación conleva unha gran diversidade no caso do primeiro ciclo de ESO. Pola contra, o alumnado de bacharelato é máis homoxéneo aínda que para unha gran parte do alumnado é un medio de acceso aos ciclos formativos superiores.

**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS:**

**PROFESORADO:**

María Consuelo Cernadas Campos: Xefa do departamento

**Grupos e horas asignadas**

**María Consuelo Cernadas Campos:** 17 horas lectivas + 1 hora de xefatura de departamento + 1 hora de Titoría de País + 1 hora de garda + 2 horas de coordinación ERASMUS + 2 gardas de recreo na biblioteca

**Susana González Rodríguez :** profesora que se incorporou no mes de outubro, debido a redución de xornada da profesora Loira Sánchez Lázare. Imparte 6 horas de francés (4 en 1º ESO e 2 en 2º ESO)

**Alumnado matriculado en francés 2º lingua estranxeira:**

|        |        |
|--------|--------|
| 2º ESO | 4º ESO |
| 76*    | 32     |

\* Nova incorporación no mes de marzo.

## GRUPOS

|        |        |
|--------|--------|
| 2º ESO | 4º ESO |
| 3      | 2      |

## ALUMNADO POR GRUPO

|       |    |    |    |
|-------|----|----|----|
| 2ºESO | 29 | 25 | 22 |
| 4ºESO | 19 | 13 |    |

### 2º ESO

Rapaces de 13/14 anos principiantes na aprendizaxe do francés.

A normativa respecto da aprendizaxe da Segunda Lingua Estranxeira, a razón de dúas horas semanais en cada un dos cursos.

A non proximidade do Centro de Francia non favorece unha perspectiva funcional da nova lingua, permitindo un uso comunicativo real, senón que a transforma nunha materia escolar máis ou menos afastada das preocupacións vitais do adolescente e grupo.

A relación entre a lingua materna e o francés: no contexto español e europeo, encontramos vantaxes ó establecer unha

relación entre as dúas linguas: termos transparentes, sonoridades próximas, proximidade xeográfica, civilización común, alumnos retornados dun país de fala francesa.

As experiencias anteriores da aprendizaxe lingüística na lingua materna e na primeira lingua estranxeira aportan unha bagaxe importante que se debe reempregar e que condiciona de entrada a motivación para unha nova aprendizaxe na lingua estranxeira.

As motivacións para aprender unha lingua estranxeira nesta idade non están en absoluto definidas. A conciencia da utilidade ou necesidade desta aprendizaxe é a miúdo practicamente nula.

Por estas razóns, tratamos de motivar este alumnado cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación na clase. A lingua se converte nun medio para coñecerse, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta, divertirse. É tamén un medio privilexiado para xerar habilidades e estimular a curiosidade, a percepción, a reflexión, a aceptación das diferencias,...

O rapaz de 13/14 anos é capaz de abstracción pero aínda precisa partir das prácticas

sinxelas para entender e sentar as súas reflexións. Ten, sobre todo, necesidade de desenvolver técnicas intelectuais e de estudio, e de aprender a traballar de forma cooperativa e estruturada. Non controla aínda o seu proceso de aprendizaxe, pero xa se pode adestrar para comprender e detectar os seus puntos fortes e febles, utilizar os seus erros como fonte de progreso e empezar a autoavaliarse.

Dentro dos obxectivos xerais de etapa se atopa o reforzar a confianza en si mesmo e na socialización para contribuír a unha transición harmoniosa.

#### **4º ESO**

Rapaces de 15/16 anos que xa cursaron no primeiro ciclo a aprendizaxe do francés como Segunda Lingua Estranxeira.

A normativa respecto á aprendizaxe da Segunda Lingua Estranxeira, a razón de dúas horas semanais en 3º e tres en 4º.

As experiencias anteriores de aprendizaxe lingüística na lingua materna e/ou en situacións de linguas de contacto, na primeira lingua estranxeira así como na segunda lingua estranxeira durante o primeiro ciclo aportan unha bagaxe importante para desenvolver estratexias de aprendizaxe autónomo e establecer analogías e complementariedades entre as linguas do currículo.

As motivacións para aprender unha lingua estranxeira en situación escolar, xa definidas durante o primeiro ciclo, se amplían durante o segundo ciclo coa conciencia da utilidade ou necesidade desta aprendizaxe a través de contactos reais con países francófonos ou adolescentes estudantes de francés doutros países, viaxes, intercambios, correspondencia, utilización do correo electrónico e de internet,...

Por estas razóns, tratamos de motivar este alumnado non só cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación na clase senón como práctica real da lingua fora da aula.

A lingua se converte nun medio para coñecerse, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta, estimular a curiosidade, a percepción, a reflexión, a aceptación das diferenzas e a comunicación real con falantes desa lingua.

O rapaz de 15/16 anos é un adolescente que comeza a ter ideas e valores propios e actitudes persoais.

Nesta idade se produce unha integración social máis forte no grupo de compañeiros e compañeiras, entre tanto, por un lado, comeza o proceso de emancipación respecto á familia. Vive á vez dous procesos contraditorios, o de elaborar a súa propia identidade e a necesidade de vivir experiencias inéditas cara o exterior.

A nivel intelectual necesita consolidar o pensamento abstracto, o razoamento lóxico, desenvolver estratexias para a resolución de problemas, desenvolver métodos para ordenar, relacionar e asimilar a información e iniciarse no pensamento crítico.

O obxectivo primordial nesta etapa é o de propulsar a autonomía do alumnado, non só nos aspectos cognitivos ou intelectuais, senón tamén no seu desenvolvemento social e moral.

## 2.PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN EN ESCENARIOS DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:

Aínda que parece que deixamos atrás a pandemia, imos seguir incluíndo un curso máis a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso do ensino a distancia.

Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non pode seguir a ensinanza telemática.

Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

| Metodoloxía e actividades no ensino a distancia |  |
|---|--|
| <b>Actividades</b>                              | En tódolos casos:<br>ensaio, cuestionarios, actividades de relación e reflexión, resolución de problemas, interpretación de documentos, traballos de investigación, documentos de escoita e vídeo para traballar a comprensión e a expresión oral.   |
| <b>Metodoloxía</b>                              | Metodoloxías activas que fomenten a transferencia do aprendido e o desenvolvemento da autonomía persoal e a competencia de aprender a aprender, mediante:<br>Uso de plataformas educativas (aula virtual do centro, blogues, e outras contornas de aprendizaxe).                             |
| <b>Materiais e recursos</b>                     | Todo o alumnado atopará os materiais e recursos na aula virtual do centro. Incluirán, ademais das propias tarefas a realizar, materiais de elaboración propia, libros dixitais, enlaces a sitios web. Os recursos serán tanto textuais como gráficos, cartográficos, visuais e audiovisuais. |

Neste Centro, no terceiro trimestre do curso 2019-20, ningún alumnado quedou desconectado logo de prover tanto a Administración coma o propio Centro, dos recursos

e medios necesarios para o uso da Aula Virtual ou do correo electrónico.

É de supoñer que no caso de detectar alumnado con dificultades de conexión ou sen os recursos necesarios as autoridades competentes resolverán esta situación para que todo o alumnado poida seguir con aproveitamento o ensino a distancia.

Todo o alumnado de francés está matriculado nas súas respectivas aulas virtuais e ao longo do curso irá realizando actividades nesa contorna e no caso de non poder asistir de xeito presencial por motivos de saúde ou outros, sexan ausencia curtas ou máis longas, estará en condicións de seguir o proceso de aprendizaxe da lingua francesa.

### **3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, identificáronse as seguintes competencias:

|   |  |
|---|--|
| <p>Comunicación lingüística<br/><b>CCL</b></p>  | <p>Por un lado, a aprendizaxe de segundas linguas debe achegarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real.</p> <p>Por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva consigo a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, o entorno mental e físico no que se actúa e se constrúen as relacións como axente social.</p>          |
| <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía<br/><b>CMCCT</b></p> | <p>A lingua estranxeira, dentro dun sistema de ensino/aprendizaxe dinámico, pode contribuír á presentación de contidos e competencias en CMCCT (como de outras áreas de coñecemento), facilitando e expandindo o acceso á datos, procedementos e técnicas de investigación, posibilitando un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas e propiciando a construción conxunta do saber humano.</p>  |
| <p>Competencia dixital<br/><b>CD</b></p>  | <p>A actividade lingüística se realiza hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno ou alumna terá que producir, comprender e procesar, polo que a competencia dixital se entende como parte substancial da competencia comunicativa.</p> <p>O uso das tecnoloxías da información e comunicación debe ter importantes repercusións na maneira na que as linguas estranxeiras se ensinan e se aprenden, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua</p> |



|  |  |
|--|--|
|  | <p>como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente sábese.</p>  |
| <p>Aprender a aprender<br/><b>CAA</b></p>                  | <p>O currículo axuda ó alumno ou alumna a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes dunha lingua estranxeira no uso da mesma, determinando o que precisan aprender para acadar estes obxectivos e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción de perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficiente autonomía que perdure ao longa da vida.</p>  |
| <p>Competencias sociais e cívicas<br/><b>CSC</b></p>       | <p>O uso efectivo das linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva das relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara todas as linguas e culturas, cara outras persoas cuxos usos, valores e crenzas difiren dos propios, así como a apreciación do carácter relativo dos costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes.</p>  |
| <p>Sentido de iniciativa emprendedora<br/><b>CSIEE</b></p> | <p>O enfoque orientado á acción adoptado no currículo se centra no alumnado, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e as emprega, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Polo tanto, a materia de lingua estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do sentido da iniciativa, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, dende a súa mesma planificación, o alumno ten que tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo elo co fin de cumprir co propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito.</p> <p>A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, do control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan ao alumnado para asumir as súas responsabilidades, encontrar seguridade nas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.</p> <p>A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutra linguas</p> |

|   |   |
|---|---|
|   | <p>para afrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do espírito emprendedor.</p> <p>As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional e o currículo pretende fomentar o espírito emprendedor como actitude na vida incorporando actividades concretas nas que o alumnado aprende a ser cívico, creativo e comprometido tamén neses contextos.</p> |
| <p>Conciencia e expresións culturais</p> <p><b>CCEC</b></p> | <p>As competencias sociais e cívicas e a conciencia e expresións culturais, tanto as circunscritas aos ámbitos máis inmediatos como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe das linguas estranxeiras</p>   |

## OBXECTIVOS DA ETAPA

### 1.-OBXECTIVOS DE ETAPA-ESO

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacifi-

camente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. CONCRECIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.

2º ESO

| MATERIA                           | BLOQUES DE CONTIDOS IMPARTIDOS  | BLOQUES DE CONTIDOS NON IMPARTIDOS   |
|-----------------------------------|---|--|
| 2ª Lingua Estranxeira:<br>Francés | <p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b><br/> <b>Contenus comunicatifs</b><br/>                     Parler de la rentrée au collège.<br/>                     Communiquer en classe.<br/>                     Décrire physiquement une personne ou un animal.<br/>                     Faire le portrait de quelqu'un.<br/>                     S'informer sur l'identité de quelqu'un.<br/>                     Indiquer la nationalité et le pays<br/>                     Indiquer un itinéraire.<br/>                     Indiquer où l'on va, d'où l'on vient.<br/>                     Faire des propositions, des suggestions.<br/>                     Accepter ou refuser.</p> <p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b><br/>                     Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/> <b>Phonétique</b><br/>                     Révision des sons vocaliques, consonantiques et des intonations de base.<br/>                     Les sons [ã] / [õ] / [ê]. Le son [uj].<br/>                     Les sons [b] / [v] / [f] Les sons [œ] / [ø].<br/>                     Décrire des sensations. Exprimer ce qu'on veut et ce qu'on peut faire.</p> <p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b><br/>                     Tous les contenus communicatifs ci-dessus</p> | <p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b><br/> <b>Contenus comunicatifs</b><br/>                     Inviter quelqu'un, accepter / refuser poliment une invitation. Exprimer la possession. Faire des achats dans un magasin d'alimentation. Expliquer une recette de cuisine. Préciser une quantité.<br/>                     Parler de sa maison, de sa chambre et de ses objets personnels. Raconter des événements passés.<br/>                     Faire une commande au restaurant. Parler de ses habitudes alimentaires et de l'alimentation. Parler d'actions quotidiennes et raconter des anecdotes au passé.<br/>                     Parler de ses projets immédiats<br/>                     Parler des saisons, du temps qu'il fait. S'informer et donner des informations précises sur un animal. Faire des comparaisons. Parler de l'avenir (prévisions, projets).</p> <p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b><br/>                     Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/> <b>Phonétique</b><br/>                     Les sons [s] / [z]. Les sons [gr] / [kr] / [tr].<br/>                     Les sons [ʃ] / [s]. Les sons [ʒ] / [ʒ].<br/>                     Les sons [aj] et [ej]. Les sons [y], [u] et [i].<br/>                     Les sons [k] / [g]. Les sons [d] / [t].</p> |

### Lexique

Le matériel scolaire. Les grands nombres (jusqu'à un million). Les vêtements et les couleurs.  
 Les adjectifs de la description. Les pays et les nationalités.  
 Les sensations (avoir faim, soif, mal, peur).  
 La ville : les lieux, les itinéraires... Les moyens de transport.  
 Les professions. Les activités et les loisirs.

### Bloque 4. Producción de textos escritos

Tous les contenus communicatifs ci-dessus  
 Décrire quelqu'un physiquement.  
 Parler de ses activités extrascolaires.  
 Indiquer un itinéraire. Indiquer où l'on va, d'où l'on vient.  
 Accepter ou refuser. Parler de ses projets immédiats.

### Orthographe

Je lis, j'écris : an, en = [ã].  
 Je lis, j'écris : é(e)(s), er, es, et, ez = [e].

### Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

#### Structures syntaxiques

Les verbes au présent (1er groupe). Faire du / de la / de l' / des... Jouer du / de la / de l' / des... Jouer au / à la / à l' / aux... Les verbes pouvoir et vouloir.  
 C'est un / une... qui... Il / Elle est + nationalité. Les prépositions de lieu (villes et pays). Avoir mal au / à la / à l' / aux + nom. Les verbes pouvoir et vouloir.  
 Aller au / à la / à l' / aux... • Venir du / de la / de l' / des...

#### Dimension sociale et culturelle

Les activités extrascolaires.  
 L'Union européenne. Les idoles.

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Tous les contenus communicatifs ci-dessus

### Lexique

Les achats et les magasins d'alimentation. Les aliments. Les recettes.  
 La maison : les pièces, les meubles, la décoration.  
 Les objets personnels. Les expressions de lieu.  
 Les ustensiles de table. Les expressions de temps (fréquence).  
 Les saisons et la météo. Les animaux de la savane.  
 Les grands nombres (mesures et quantités). Les expressions de temps (futur)  
 Découvrir la langue poétique.

### Bloque 4. Producción de textos escritos

Tous les contenus communicatifs ci-dessus

### Orthographe

Je lis, j'écris : g(e), g(i), j = [ʒ].  
 Je lis, j'écris : c(e), c(i), ç, ss, t(i) = [s].  
 Je lis, j'écris : ai, è, ê, e(ll), e(rr), e(tt), ei = [ɛ].  
 Je lis, j'écris : gn = [ɲ].

### Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

#### Structures syntaxiques

Le futur proche. On = tout le monde.  
 Les adjectifs possessifs (plusieurs possesseurs). Je voudrais... (politesse) Les pronoms COD avec l'impératif (affirmatif et négatif). La quantité.  
 Les prépositions de lieu avec de. Le passé composé (1) : formation et auxiliaires.  
 Le pronom en. Le passé composé (2) : les participes passés en [e], [i], [y].

|  |  |  |
|--|--|--|
|  |  | <p>Le comparatif et le superlatif. Le futur simple : formation et verbes irréguliers. Les pronoms COD.</p> <p><b>Dimension sociale et culturelle</b></p> <p>Les fêtes traditionnelles en France.<br/>         Les maisons insolites. La chambre de ses rêves.<br/>         Quelques œuvres emblématiques de la littérature française.<br/>         La France au superlatif : sites emblématiques de la France!<br/>         La sécurité routière. Les slogans.</p> |
|--|--|--|

#### 4 ESO

| MATERIA                          | BLOQUES DE CONTIDOS IMPARTIDOS   | BLOQUES DE CONTIDOS NON IMPARTIDOS  |
|----------------------------------|--|---|
| 2ª Lingua Estranxeira I: Francés | <p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p><b>Contenus communicatifs</b></p> <p>Mesurer où en est son français<br/>         Exprimer émotions, sentiments et sensations<br/>         Décrire et commenter des photos<br/>         Réveiller son corps et son cerveau<br/>         Développer sa sensibilité phonétique<br/>         Donner une appréciation positive sur un voyage<br/>         Caractériser de façon détaillée<br/>         Construire un récit au passé<br/>         Raconter l'évolution de ses habitudes<br/>         Parler de son caractère<br/>         Décrire quelqu'un<br/>         Exprimer l'appartenance<br/>         Rappporter des faits et des paroles<br/>         Se renseigner, demander des informations précises<br/>         Poser des questions sur l'environnement</p> | <p><b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b></p> <p><b>Contenus communicatifs</b></p> <p>Protester, se défendre d'une accusation<br/>         Parler de la répartition des tâches ménagères<br/>         Exprimer une restriction<br/>         Donner des conseils<br/>         Exprimer l'obligation et l'interdiction<br/>         Décrire quelqu'un de façon détaillée<br/>         Marquer l'hésitation avant de répondre<br/>         Indiquer une action antérieure à une autre dans le passé<br/>         Exprimer la cause<br/>         Encourager quelqu'un à prendre une décision<br/>         Décrire un objet<br/>         Négocier un prix<br/>         Parler de faits ou d'actions hypothétiques<br/>         Formuler poliment une demande<br/>         Parler de quelque chose qu'on a du mal à définir</p> |

|  |   |  |
|--|---|--|
|  | <p>Parler d'avantages et d'inconvénients<br/>         Décrire les différents moments d'une action<br/>         Faire des hypothèses, des prédictions</p> <p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b><br/>         Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/> <b>Phonétique</b><br/>         Les sons [o] / [ɔ̃], [a]. [ɑ̃].<br/>         Les sons [p], [b], [d],[t]<br/>         Les sons [f], [s], [ʃ], [i],[y],[u],[uj], [v], [ʒ],<br/>         Le son [ɛ̃] et ses composés [wɛ̃], [jɛ̃]</p> <p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b><br/>         Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/> <b>Lexique</b><br/>         Les émotions, sentiments et sensations<br/>         Le corps, maquillage et déguisement<br/>         Les transports, les villes et les pays, le temps et la fréquence. Les traits de caractère. Les verbes introducteurs du discours. Expressions imagées (animaux)<br/>         La météo et certains phénomènes naturels. Les professions. L'environnement et l'écologie<br/>         Expressions imagées (animaux)</p> <p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b><br/>         Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/>         Écrire une annonce de voyage<br/>         Demander des informations<br/>         Écrire une lettre de motivation</p> <p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b></p> | <p>Exprimer le but, le souhait, l'opinion.</p> <p><b>Bloque 2. Producción de textos orais</b><br/>         Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/> <b>Phonétique</b><br/>         Les sons [e], [ø], [o], [R],<br/>         Les sons [ɛ] / [œ] / [ɔ]. Les sons [aj] / [œj]/ [uj].<br/>         [ɛj],[y], [a]<br/>         Les sons [bR] / [kR], [tR] / [gR] / [pR], [dR], [fR]</p> <p><b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b> Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/> <b>Lexique</b><br/>         Les tâches ménagères<br/>         La vie quotidienne<br/>         Expressions imagées (ménage)<br/>         Les adjectifs de description (traits du visage)<br/>         Les intrigues policières<br/>         Les caractéristiques des objets<br/>         La psychologie (interprétation des rêves, problèmes personnels)</p> <p><b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b><br/>         Tous les contenus communicatifs ci-dessus<br/>         Exposer un problème dans un forum<br/>         Faire un compte rendu de lecture<br/>         Présenter un objet</p> <p><b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b><br/> <b>Structures syntaxiques</b><br/>         La mise en relief ( <i>C'est moi qui.../ c'est à moi de...</i>)</p> |
|--|---|--|

|  |   |   |
|--|---|---|
|  | <p><b>Structures syntaxiques</b><br/>                 Les temps à l’oral et à l’écrit: présent, passé composé, futur simple, imparfait. L’impératif. Le besoin et l’obligation. Le passé composé et l’imparfait. Les pronoms relatifs (qui, que, où, dont). L’imparfait d’habitude. Les adjectifs démonstratifs et les pronoms toniques. Les pronoms possessifs, le discours indirect au présent</p> <p><b>Dimension sociale et culturelle</b><br/>                 Concentration et relaxation<br/>                 Un poète français du XXème siècle: Jacques Prévert<br/>                 Bon plan pour se déplacer<br/>                 Un slammeur français: Grand Corps Malade.<br/>                 Les fables: d’Ésope à La Fontaine<br/>                 Planète et écologie</p> | <p>La restriction (<i>ne...que</i>)<br/>                 La formation du subjonctif<br/>                 L’obligation et l’interdiction: <i>Il (ne) faut (pas) que</i> + subjonctif/ autres structures avec infinitif<br/>                 Le plus-que-parfait<br/>                 L’expression de la cause (<i>parce que</i> et <i>comme</i>)<br/>                 Les pronoms démonstratifs<br/>                 Le conditionnel (formation et emplois)<br/>                 Quelques emplois du subjonctif: but (<i>pour que...</i>) souhait (<i>J’aimerais que...</i>) opinion (<i>Je ne pense pas que...</i>)</p> <p><b>Dimension sociale et culturelle</b><br/>                 La vie d’un artiste de cirque. Le cirque du Soleil.<br/>                 Deux grands détectives de la littérature: Maigret et Hercule Poirot.<br/>                 Quelques inventions françaises.</p> |
|--|---|---|

## 5. LIÑAS XERAIS DO PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS O CURSO PASADO. MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

| MATERIA                        | RECURSOS   | TEMPORALIZACIÓN  | METODOLOXÍA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN                             |
|--------------------------------|--|--|---|
| 2ª Lingua Estranxeira: Francés | Facilitados polo profesorado na aula virtual ou fotocopiados | Ao longo do curso: Aqueles contidos non vistos no nivel inferior e que sexan necesarios para a aprendizaxe dos contidos programados para o nivel superior. | Os establecidos con carácter ordinario na programación didáctica do curso 2021-2022 |



## **6- CRITERIOS DE AVALIACIÓN (RELACIONADOS COS RESPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS BÁSICAS) E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN . TEMPORALIZACIÓN.**

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º de ESO |  |  |                 |    |    |   |                          |  |
|--------------------------------------|--|--|-----------------|----|----|---|--------------------------|--|
| UNIDADE                              | CRITERIOS DE AVALIACIÓN<br>BLOQUE 1_COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS  | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  | TEMPORALIZACIÓN |    |    | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN  | COMPETENCIAS CLAVE       | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN                                       |
|                                      |  |  | T1              | T2 | T3 |   |                          |  |
| 0-3                                  | B.1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.  | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. | X               | X  |    | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.<br><br>O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao longo do curso.  | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas |
| 0-5                                  | B.1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.  | X               | X  | X  | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula, utilizando os medios necesarios para a súa realización (modelos previos, dicionarios, consultas en internet, etc.).<br><br>O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao longo do curso. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas |

|     |   |   |   |   |   |   |                          |   |
|-----|---|---|---|---|---|---|--------------------------|---|
|     | e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.   |   |   |   |   |   |                          |   |
| 0-6 | B.1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade. | SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | X | X | X | SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito, utilizando os medios necesarios para a súa realización (modelos previos, dicionarios, consultas en internet, etc.).<br>O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao longo do curso. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas. |
| 0-6 | B.1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.  | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.  | X | X | X | SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais, utilizando os medios necesarios para a súa realización (modelos previos, dicionarios, consultas en internet, etc.). O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao lon-  | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas  |

|     |   |  |   |   |   | go do curso.   |                                   |  |
|-----|---|--|---|---|---|--|-----------------------------------|--|
|     | BLOQUE 2_PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS  |  |   |   |   |  |                                   |  |
| 0-6 | B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.   | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.  | X |   |   | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.  | CSIEE<br>CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas |
| 0-6 | B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender. | SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | X | X | X | SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, utilizando os medios necesarios para a súa realización (modelos previos, dicionarios, consultas en internet, etc.).<br><br>O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao longo do curso. | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD          | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas |
| 3-6 | B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e accións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de                                | SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e acti-   |   | X | X | SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre luga-  | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD          | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas |

|     |  |   |   |   |   |   |                          |  |
|-----|--|---|---|---|---|---|--------------------------|--|
|     | palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.   | vidades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.   |   |   |   | res, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar, utilizando os medios necesarios para a súa realización (modelos previos, dicionarios, consultas en internet, etc.).<br>O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao longo do curso.  |                          |  |
| 2-6 | B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos. | SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar. | X | X | X | SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.<br>O grao de dificultade será progresivo e contextualizado ao longo do curso.                               | CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | Observación directa na aula.<br><br>Intercambios orais<br><br>Probas específicas |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | a,c,d,i | <p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <p>Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;</p> <p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p> | <p>-Escoitar unha conversación: o alumnado escoita unha conversación, en vivo ou gravada ( do libro de texto, dun programa de radio, un sketch, compañeiros, etc).</p> <p>- Escoitar as consignas do docente: o alumnado escoita as consignas do profesorado : instrucións de actividades, xogos, preguntas.</p> <p>- Escoitar un programa: o alumnado escoita un programa adaptado : radio, televisión, internet, recursos do método, etc.</p> <p>- Escoitar un poema ou canción: audición dun poema ou canción gravado ou en vivo.</p> <p>- Escoitar unha gravación de audio: o alumnado escoita unha gravación elaborada polo docente ou por eles mesmos.</p> <p>- Escoitar unha presentación: o alumnado escoita unha presentación en vivo ou gravada: presentación dun orador invitado, por un alumno ou unha alumna, ou unha clase expositiva realizada polo profesor ou pola profesora.</p> <p>- Escoitar un relato adaptado ao nivel: o alumnado escoita un relato lido en voz alta.</p> |
| Bloque 2. Produción de textos orais   | a,c,d,i | <p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa</p> <p>Execución:</p> <p>Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p>  | <p>-Mimar a pronunciación de palabras, textos.</p> <p>- Manter unha conversa cun compañeiro ou cunha compañeira ou cun pequeno grupo: realízanse conversas adaptadas ao nivel respondendo a consignas ou de forma improvisada.</p> <p>- Manter unha conversa cun grupo grande: o alumnado conversa cun grupo grande facendo preguntas e realizando respostas, interactuando co profesor ou profesora.</p> <p>- Dramatizar: o alumnado fale na segunda lingua asumindo un rol nunha situación simulada.</p> <p>- Participar unha actividade oral de preguntas/respostas: o alumnado pregunta e/ou resposta intercambiando información persoal, pedindo</p>  |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º DE ESO     |         |  |   |
|--|---------|--|---|
| Bloque                                   | Obx.    | Contidos   | Actividades de aprendizaxe  |
|  |         | <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, pua, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p> | <p>indicacións para chegar a un lugar, ... dependendo do seu nivel.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repetir: o alumnado repite o que alguén di na segunda lingua por exemplo un trabalinguas,....</li> <li>- Realizar un debate informal: o alumnado debe sobre un tema coñecido empregando estruturas traballadas previamente.</li> <li>- Realizar unha presentación formal ou informal: unha publicidade dun produto, dun lugar, etc....</li> <li>- Crear unha gravación audio ou vídeo: por exemplo, unha canción de rap, un poema, etc...</li> <li>- Narrar unha historia máis ou menos longa segundo o nivel.</li> <li>- Cantar cancións.</li> <li>- Definir palabras oralmente.</li> <li>- Describir algo: por exemplo obxecto, persoa, lugar etc...</li> <li>- Recitar pequenas pezas ensaiadas previamente: poemas, citas, frases de uso corrente, etc.</li> </ul> |
| Bloque 3. Comprensión de textos escritos | a,c,d,i | <p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ler e comprender palabras: o alumnado le palabras que son semellante na súa lingua.</li> <li>- Ler e comprender frases de distintos tipos.</li> <li>- Ler e comprender analizando relatos de diferentes autores e diferentes niveis.</li> <li>- Ler e comprender poemas.</li> </ul>  |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º DE ESO   |          |   |  |
|--|----------|---|--|
| Bloque                                 | Obx.     | Contidos  | Actividades de aprendizaxe   |
|  |          | <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>   | <p>.Ler e comprender xornais, revistas extractando determinadas informacións .</p> <p>-Ler e comprender unha carta.</p> <p>-Ler e comprender un fragmento do libro de texto.</p> <p>-Ler e comprender un fragmento dun cómic.</p> <p>-Ler un cadro ou unha táboa.</p> <p>- Ler un artigo, un receita, un diario persoal.</p>   |
| Bloque 4. Produción de textos escritos | a,c,d,i, | <p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en párrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.).</p> | <p>-Participar en actividades escritas de preguntas e respostas: o alumnado pode formular e dar respostas sobre diferentes temas da vida cotiá, características persoais, cultura da lingua estranxeira, etc.</p> <p>- Escribir un texto: o alumnado compón unha resposta escrita sobre un tema proposta polo profesor ou pola profesora empregando consignas facilitadas previamente.</p> <p>- Etiquetar obxectos: o alumnado pode preparar etiquetas para rotular obxectos da clase, da casa ou da escola.</p> <p>- Definir palabras por escrito empregando vocabulario recen adquirido ou xa coñecido para construír un glosario.</p> <p>- Escribir unha oración ou parágrafo: para describir un obxecto, situación e/ou lugar.</p> <p>-Crear unha historieta para aplicar funcións, cultura, gramática e/ou vocabulario relacionado cun tema determinado.</p> <p>- Escribir un poema por exemplo haikus.</p> <p>- Escribir unha carta respondendo a unha consigna dada, por exemplo a un amigo, a un membro da familia, etc.</p> <p>- Escribir entradas nun diario empregando as estruturas adquiridas de vocabulario, gramática, funcións da linguaxe, cultura por exemplo un blog, un diario persoal, etc.</p> <p>- Crear un libro colectivo: o alumnado crea un libro por exemplo de biografías de personaxes, receitas de cociña, etc.</p> |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º DE ESO                                       |            |   |   |
|--|------------|---|---|
| Bloque   | Obx.       | Contidos  | Actividades de aprendizaxe  |
|  |            | <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>   | <p>- Facer listaxes de palabras: desenvolvendo e completando familias léxicas de palabras.</p>  |
| Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | a,c,d,i,o, | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Sons e fonemas vocálicos.</li> <li>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>– Procesos fonolóxicos máis básicos.</li> <li>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</li> <li>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> <li>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferen-</li> </ul> </li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Xogar cos ritmos para aprender dunha forma lúdica e desinhibida.</li> <li>- Memorizar diálogos e fórmulas comunicativas</li> <li>- Identificar sons, entoacións.</li> <li>- Imitar a entoación.</li> <li>- Ensañar a lectura expresiva.</li> <li>- Completar un texto cos signos de puntuación.</li> <li>- Ditados.</li> <li>- Ler en voz alta</li> <li>- Audición de cancións coa temática dos aspectos socioculturais da cultura francesa.</li> <li>- Elaboración de trípticos.</li> </ul> <p>Os contidos do Bloque 5: coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe trabállanse de xeito implícito e explícito nas actividades propostas para os catro bloques anteriores.</p> |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º DE ESO      |      |  |                            |
|---|------|--|----------------------------|
| Bloque                                    | Obx. | Contidos   | Actividades de aprendizaxe |
|   |      | <p>te á propia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Plurilingüismo:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>– Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.5. Funcións comunicativas:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</li> <li>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</li> <li>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</li> <li>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</li> </ul> </li> </ul> |                            |
| Contidos sintáctico-discursivos 2º de ESO |      |  |                            |
|   |      | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>comme</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>le plus, le moins</i>); consecuencia (<i>alors</i>); explicativas (<i>parce que</i>).</li> <li>▪ Relacións temporais (<i>d'abord, ensuite, il y a</i>).</li> <li>▪ Exclamación (<i>quel + nom !, désolé !</i>); interxección (<i>si! Bravo !</i>).</li> <li>▪ Negación (<i>pas de, rien</i>).</li> <li>▪ Interrogación (inversión (<i>V + Suj.</i>); <i>réponses (si, pron. tonique + oui/non</i>).</li> <li>▪ Expresión do tempo: presente; presente progresivo (<i>être en train de</i>); pa-</li> </ul>   |                            |



| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 2º DE ESO |      |   |                            |
|--------------------------------------|------|---|----------------------------|
| Bloque                               | Obx. | Contidos  | Actividades de aprendizaxe |
|                                      |      | <p>sado (<i>passé composé avec avoir et être sans accords</i>); futuro (<i>futur proche</i>). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: <i>je voudrais</i>).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: <i>souvent</i>); incoativo (<i>aller + Inf.</i>).</li> <li>▪ Expresión da modalidade: factualidade (<i>phrases déclaratives</i>); capacidade (<i>savoir</i>); posibilidade/probabilidade (<i>peut-être</i>); necesidade (<i>il faut</i>); obriga/prohibición (<i>il faut, verbe devoir, impérativo</i>); permiso (<i>pouvoir, demander</i>); intención/deseo (<i>je voudrais</i>); cortesía.</li> <li>▪ Expresión da existencia (<i>il y a, il n'y a pas</i>); a entidade (p. ex. <i>articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs</i>); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios); a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).</li> <li>▪ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; <i>articles partitifs</i>). Adverbios de cantidade e medidas (<i>un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet</i>); o grao.</li> <li>▪ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,...), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)</i>).</li> <li>▪ Expresión do tempo: puntual (<i>demain matin, jeudi soir</i>); divisións (<i>en (année)</i>); indicacións de tempo (<i>demain, hier</i>); duración (<i>de...jusqu'à, en ce moment</i>); anterioridade (<i>il y a...</i>); posterioridade (<i>après</i>); secuenciación (<i>à partir de</i>); frecuencia (<i>d'habitude, une/deux/... fois par...</i>).</li> <li>▪ Expresión do modo.</li> </ul> |                            |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO  |          |  |   |
|---------------------------------------|----------|--|---|
| Bloque                                | Obx.     | Contidos   | Actividades de aprendizaxe  |
| Bloque 1. Comprensión de textos orais | a,c,d,i, | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>– Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acesos, entoación, etc.).</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</li> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> </li> <li>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</li> <li>▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Escoitar unha conversación: o alumnado escoita unha conversación, en vivo ou gravada ( do libro de texto, dun programa de radio, un sketch, compañeiros, etc).</li> <li>- Escoitar as consignas do docente: o alumnado escoita as consignas do profesorado : instrucións de activades, xogos, preguntas.</li> <li>- Escoitar un programa: o alumnado escoita un programa adaptado : radio, televisión, internet, recursos do método, etc.</li> <li>- Escoitar un poema ou canción: audición dun poema ou canción gravado ou en vivo.</li> <li>- Escoitar unha gravación de audio: o alumnado escoita unha gravación elaborada polo docente ou por eles mesmos.</li> <li>- Escoitar unha presentación: o alumnado escoita unha presentación en vivo ou gravada: presentación dun orador invitado, por un alumno ou unha alumna, ou unha clase expositiva realizada polo profesor ou pola profesora.</li> <li>- Escoitar un relato adaptado ao nivel: o alumnado escoita un relato lido en voz alta.</li> </ul> |
| Bloque 2. Produción de textos orais   | a,c,d,i  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estratexias de produción:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación:                                     <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</li> <li>– Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</li> </ul> </li> <li>– Execución:                                     <ul style="list-style-type: none"> <li>– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</li> <li>– Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</li> <li>– Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Mimar a pronunciación de palabras, textos.</li> <li>- Manter unha conversa cun compañeiro ou cunha compañeira ou cun pequeno grupo: realízanse conversas adaptadas ao nivel respondendo a consignas ou de forma improvisada.</li> <li>- Manter unha conversa cun grupo grande: o alumnado conversa cun grupo grande facendo preguntas e realizando respostas, interaccionando co profesor ou profesora.</li> <li>- Dramatizar: o alumnado fale na segunda lingua asumindo un rol nunha situación simulada.</li> <li>- Participar unha actividade oral de preguntas/respostas: o alumnado pregunta e/ou resposta intercambiando información persoal, pedindo indicacións para chegar a un lugar, ... dependendo do seu nivel.</li> <li>- Repetir: o alumnado repite o que alguén di na segunda lingua por</li> </ul>   |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO     |            |   |  |
|--|------------|---|--|
| Bloque                                   | Obx.       | Contidos  | Actividades de aprendizaxe   |
|  |            | <p>adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <ul style="list-style-type: none"> <li>– Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Modificar palabras de significado parecido.</li> <li>– Definir ou parafrasear un termo ou expresión.</li> <li>– Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</li> <li>– Pedir axuda.</li> </ul> </li> <li>– Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</li> <li>– Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).</li> <li>– Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo.</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</li> <li>▪ B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</li> </ul> | <p>exemplo un trabalinguas,....</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar un debate informal: o alumnado debe sobre un tema coñecido empregando estruturas traballadas previamente.</li> <li>- Realizar unha presentación formal ou informal: unha publicidade dun produto, dun lugar, etc....</li> <li>- Crear unha gravación audio ou vídeo: por exemplo, unha canción de rap, un poema, etc...</li> <li>- Narrar unha historia máis ou menos longa segundo o nivel.</li> <li>- Cantar cancións.</li> <li>- Definir palabras oralmente.</li> <li>- Describir algo: por exemplo obxecto, persoa, lugar etc...</li> <li>- Recitar pequenas pezas ensaiadas previamente: poemas, citas, frases de uso corrente, etc.</li> </ul> |
| Bloque 3. Comprensión de textos escritos | a,c,d,e, i | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa</li> </ul> </li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ler e comprender palabras: o alumnado le palabras que son semellante na súa lingua.</li> <li>- Ler e comprender frases de distintos tipos.</li> <li>- Ler e comprender analizando relatos de diferentes autores e diferentes niveis.</li> <li>- Ler e comprender poemas.</li> </ul>   |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO   |          |  |  |
|--|----------|--|--|
| Bloque                                 | Obx.     | Contidos   | Actividades de aprendizaxe   |
|  |          | <p>(sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</li> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>▪ B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>   | <p>.Ler e comprender xornais, revistas extractando determinadas informacións .</p> <p>-Ler e comprender unha carta.</p> <p>-Ler e comprender un fragmento do libro de texto.</p> <p>-Ler e comprender un fragmento dun cómic.</p> <p>-Ler un cadro ou unha táboa.</p> <p>- Ler un artigo, un receita, un diario persoal.</p>   |
| Bloque 4. Produción de textos escritos | a,c,d,i, | <p>▪ B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Planificación: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</li> <li>– Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</li> <li>– Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</li> </ul> </li> <li>– Execución: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</li> <li>– Estructuración do contido do texto.</li> <li>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</li> </ul> </li> </ul> | <p>Participar en actividades escritas de preguntas e respostas: o alumnado pode formular e dar respostas sobre diferentes temas da vida cotiá, características persoais, cultura da lingua estranxeira, etc.</p> <p>- Escribir un texto: o alumnado compón unha resposta escrita sobre un tema proposta polo profesor ou pola profesora empregando consignas facilitadas previamente.</p> <p>- Etiquetar obxectos: o alumnado pode preparar etiquetas para rotular obxectos da clase, da casa ou da escola.</p> <p>- Definir palabras por escrito empregando vocabulario recen adquirido ou xa coñecido para construír un glosario.</p> <p>- Escribir unha oración ou parágrafo: para describir un obxecto, situación e/ou lugar.</p> <p>-Crear unha historieta para aplicar funcións, cultura, gramática e/ou vocabulario relacionado cun tema determinado.</p> <p>- Escribir un poema por exemplo haikus.</p> <p>- Escribir unha carta respondendo a unha consigna dada, por exemplo a un amigo, a un membro da familia, etc.</p> <p>- Crear un xogo para practicar vocabulario, gramática, funcións da linguaxe, cultura: por exemplo bingo, fichas de vocabulario, concurso de preguntas/respostas.</p> <p>- Escribir un relato: o alumnado escribe un relato inspirado unha experiencia persoal, un tema cultural, etc.</p> |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO                                       |            |   |   |
|--|------------|---|---|
| Bloque   | Obx.       | Contidos  | Actividades de aprendizaxe  |
|  |            | <ul style="list-style-type: none"> <li>– Revisión:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> <li>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</li> <li>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</li> <li>– Reescritura definitiva.</li> </ul> </li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir entradas nun diario empregando as estruturas adquiridas de vocabulario, gramática, funcións da linguaxe, cultura por exemplo un blog, un diario persoal, etc.</li> <li>- Crear un libro colectivo: o alumnado crea un libro por exemplo de biografías de personaxes, receitas de cociña, etc.</li> <li>- Crear unha proba: as opcións son múltiples. Completar un texto por exemplo con verdadeiro ou falso, etc</li> </ul>   |
| Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe | a,c,d,i,o, | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Sons e fonemas vocálicos.</li> <li>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</li> <li>– Procesos fonolóxicos máis básicos.</li> <li>– Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</li> <li>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</li> <li>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>– Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</li> </ul> </li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>-Xogar cos ritmos para aprender de unha forma lúdica y desinhibida.</li> <li>- Memorizar diálogos y fórmulas comunicativas</li> <li>-Identificar sons, entoacións.</li> <li>- Imitar a entoación.</li> <li>- Ensañar a lectura expresiva.</li> <li>- Completar un texto cos signos de puntuación.</li> <li>- Ditados.</li> <li>- Ler en voz alta</li> <li>- Audición de cancións coa temática dos aspectos socioculturais da cultura francesa.</li> <li>- Elaboración de trípticos.</li> </ul> |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO |      |   |                            |
|--------------------------------------|------|---|----------------------------|
| Bloque                               | Obx. | Contidos  | Actividades de aprendizaxe |
|                                      |      | <ul style="list-style-type: none"> <li>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</li> <li>▪ B5.4. Plurilingüismo:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> <li>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.5. Funcións comunicativas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</li> <li>– Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> <li>– Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</li> <li>– Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</li> <li>– Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</li> <li>– Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</li> <li>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</li> <li>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</li> </ul> </li> <li>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</li> </ul> </li> </ul> |                            |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO      |      |  |                            |
|---|------|--|----------------------------|
| Bloque                                    | Obx. | Contidos   | Actividades de aprendizaxe |
|   |      | <ul style="list-style-type: none"> <li>– Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</li> <li>▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</li> </ul>  |                            |
| Contidos sintáctico-discursivos 4º de ESO |      |  |                            |
|   |      | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>non seulement...mais aussi</i>); disxunción (<i>ou bien</i>); oposición/concesión (<i>cependant</i>); causa (<i>car</i>); finalidade (<i>de façon à, de manière à + Inf.</i>); comparación (<i>le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que</i>; (ex: <i>Il n'est pas aussi intelligent que toi</i>); consecuencia (<i>alors, donc</i>); explicativas (<i>ainsi, car</i>).</li> <li>▪ Relacións temporais (<i>puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.</i>).</li> <li>▪ Exclamación (<i>Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est partil</i>).</li> <li>▪ Negación (<i>ne... jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus</i>).</li> <li>▪ Interrogación (<i>Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles</i>, pronomes interrogativos (ex. <i>lequel, laquelle, etc.</i>), <i>Ah bon? Moi non, Moi non plus</i>).</li> <li>▪ Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (<i>passé composé, imparfait</i>), futuro (<i>futur proche, futur simple</i>), condicional (fórmulas de cortesía e consello).</li> <li>▪ Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (<i>en + date</i>), habitual (<i>parfois, jamais</i>), incoativo (<i>futur proche</i>), terminativo (<i>passé récent</i>).</li> <li>▪ Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (<i>arriver à faire</i>); posibilidade/probabilidade (<i>il est probable que, probablement</i>); necesidade; obriga/prohibición (<i>c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de</i>); permiso; intención/deseño (<i>décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.</i>); cortesía.</li> <li>▪ Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefijos (<i>anti, hyper</i>) e sufixos (<i>-ette, -elle</i>), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivas (<i>où, dont</i>); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos).</li> <li>▪ Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números or-</li> </ul> |                            |

| SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 4º DE ESO |      |  |                            |
|--------------------------------------|------|--|----------------------------|
| Bloque                               | Obx. | Contidos   | Actividades de aprendizaxe |
|                                      |      | <p>dinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (<i>beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs(s)</i>); o grao.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination</i>; pronome "y").</li> <li>▪ Expresión do tempo: puntual (<i>tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de</i>); divisións (<i>semestre, période, au moment où</i>); indicacións de tempo (<i>la semaine dernière, le mois dernier</i>); duración (<i>encore / ne...plus</i>); anterioridade (<i>déjà, ça fait...que</i>); posterioridade (<i>ensuite, puis</i>); secuenciación (<i>puis, enfin</i>); simultaneidade (<i>pendant, alors que</i>); frecuencia (<i>toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais</i>).</li> <li>▪ Expresión do modo: (<i>Adv. de manière en -ment</i>).</li> </ul> |                            |



## 8.METODOLOXÍA

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de por en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, na que se materializan, conxuntamente, todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán ao alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real.

Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica derívense do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula coma na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos e as alumnas haberán de ser capaces de comprender e producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliados para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

### Competencias de comunicación

O obxectivo para o nivel de 2º ESO é garantir, como mínimo, a adquisición das aptitudes descritas polo MCER para o nivel A1.

O obxectivo para o nivel de 4º ESO é garantir, como mínimo, a adquisición das aptitudes descritas polo MCER para o nivel A2.

A inclusión deste punto na programación, non ten outro valor que o dunha serie de recomendacións metodolóxicas para o ensino de linguas estranxeiras.

Non se pretende presentar unha metodoloxía en especial como a única acertada posto que todas en xeral tenden a optimizar os procesos de aprendizaxe, resultado esperado nos procesos de ensino.

Investigadores, teóricos e docentes están de acordo en sinalar algunhas das características que fan que certas prácticas pedagóxicas sexan máis acertadas que outras para facilitar a aprendizaxe da lingua estranxeira. A partir da experiencia destes profesionais, concluímos que as metodoloxías para traballar con nenos e adolescentes son mais efectivas se presentan as seguintes características:

***Metodoloxías activas e interactivas que teñen en conta o factor lúdico.***

A metodoloxía activa e interactiva permite aprender cando se participa en actividades nas que o obxectivo principal non é mostrar ou exemplificar o funcionamento de estruturas gramaticais senón realizar accións na lingua estranxeira para comunicarse activamente tanto na aula como nas circunstancias do entorno que o requiran. Desta maneira propíciáanse procesos de socialización e de construción do coñecemento e constrúense nexos cos demais, o que permite desenvolver a tolerancia, o respecto, a solidariedade e aprecio por eles mesmos e polos outros seres humanos.

O factor lúdico é un elemento de gran importancia na vida do estudante porque establece unha conexión entre as súas actividades usuais na casa e na veciñanza coas que se desenvolven na aula. As actividades lúdicas teñen a vantaxe de posuír esquemas coñecidos de antemán polos alumnos e alumnas e proporcionan un cadro familiar para desenvolver a nova aprendizaxe. Tamén permiten a creación dun contexto compartido e recoñecido por todos que permite ao alumnado a ancoraxe de novos elementos en algo que xa dominan.

***Actividades interesantes e significativas centradas no alumnado.***

Dende o momento en que convertemos ao alumnado no centro da aprendizaxe é lóxico que as actividades seleccionadas para o ensino-aprendizaxe reflectan os seus intereses e necesidades; deste xeito terán que ser significativas para eles e relacionaranse con experiencias concretas da súa vida cotiá.

***Actividades que permiten o desenvolvemento potencial de cada alumno/a***

Co fin de permitir o desenvolvemento potencial do estudante, as actividades deben ser axeitadas ás diferentes idades e niveis.

As actividades seleccionadas para fomentar o proceso de aprendizaxe de linguas estranxeiras deben desenvolver un sistema de apoio ou entramado que permita que estas poidan ser organizadas de xeito secuencial. A explotación pedagóxica das actividades escollidas esixe ter en conta o estado de desenvolvemento cognoscitivo e lingüístico na lingua materna dos aprendices e as contribucións dos adultos (docentes e/ou familia).

Dentro deste proceso, o ensinante asume un papel orientador, usando estratexias que permitan ao estudante o descubrimento dos seus propios medios e estilos de aprendizaxe. Estas estratexias deben ter en conta a formación e desenvolvemento integral do adolescente e permitirlle facer, sentir, observar, reflexionar, descubrir, organizar, supoñer, verificar, decidir, resolver, propoñer e sobre todo responsabilizarse das súas accións na medida do posible.

***Metodoloxías que integren o coñecido co novo.***

Como parte do proceso metodolóxico pódese incluír un elemento de reflexión no que o adolescente sexa conducido periodicamente a unha síntese persoal do que está aprendendo. Este proceso de reflexión está orientado a facelo consciente da relación que hai entre o que está aprendendo e o que xa sabe.

No contexto da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, o que o adolescente coñece é o uso da súa propia lingua ; débese entón considerar a lingua materna como un recurso valioso para facilitar o acceso a lingua estranxeira.

***Metodoloxías flexibles.***

As metodoloxías flexibles permiten ao estudante o uso das súas estratexias de aprendizaxe sen as rixideces extremas dalgunhas metodoloxías tradicionais e ofrecen ao docente unha variedade de actividades e a selección de técnicas e procedementos axeitados para cada caso. Unha escolla informada, baseada no coñecemento dos principios pedagóxicos e metodolóxicos, permite ao docente exercer un eclecticismo positivo e benéfico para o seu labor que integra o mellor de cada enfoque ou método proposto.

**Metodoloxías ricas en contidos culturais.**

A lingua e a cultura son elementos inseparables. O uso de metodoloxías que faciliten o achegamento das culturas asociadas coas linguas estranxeiras, é moi importante, xa que as linguas son a mellor ventá as culturas dos pobos que as falan. A familiaridade coa cultura estranxeira permite unha

máis xusta valoración da propia, pero tamén a comprensión, o respecto, o aprecio e a tolerancia pola cultura foránea.

**Metodoloxías que valoran os factores afectivos.**

Tendo en conta o papel primordial que xoga a afectividade no desenvolvemento da persoa, é importante a creación dun ambiente que permita a igualdade de condicións para alumnos e alumnas que lles infunda confianza e cree as condicións apropiadas para que adquiren progresivamente autonomía e creatividade na lingua estranxeira.

## 9.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos será continua e formativa. Farase, tamén, unha avaliación inicial dos coñecementos dos alumnos ou das alumnas, pois algúns deles ou algunhas delas xa estudaron francés noutro momento da súa vida, e é conveniente para o profesor ou profesora coñecer os diferentes niveis para poder diversificar correctamente a súa tarefa.

A forma de obter a nota académica final é a partir dunha avaliación sumativa integrada polos resultados da avaliación do profesorado, da auto avaliación e da co avaliación.

As cualificacións emitiranse cada trimestre coincidindo coas avaliacións fixadas dende Xefatura de Estudos.

Para emitir esa cualificación seguiranse os procedementos descritos a continuación.

| PROCEDEMENTOS         | INSTRUMENTOS   |
|-----------------------|--|
| Observación sistémica | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Asistencia, comportamento e actitude: Valoraranse os seguintes aspectos:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao de interese das preguntas que formula ou as dúbidas que expón.</li> <li>- A forma de traballar na clase, cando o fai só ou en grupo.</li> <li>- interese que demostra nas distintas actividade orais ou escritas propostas na clase e na casa.</li> <li>- A atención que presta cando estamos corrixindo ou explicando algo novo.</li> </ul> </li> </ul> |

|                                |  |
|--------------------------------|--|
|                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación.</li> <li>- A educación no seu comportamento e a súa forma de dirixirse aos demais.</li> </ul>  |
|                                | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades escritas : Valoraranse todas aquelas actividades realizadas polo o alumnado na clase e na aula virtual. Poden ser individuais ou en grupo, así coma obrigatorias ou voluntarias.</li> <li>● Revisión do caderno de clase: Con especial atención á realización das tarefas e a corrección dos erros na clase, valorando igualmente a orde e a correcta presentación (esta revisión farase a través da aula virtual: o alumnado terá que subir unha foto das partes do caderno que o profesor queira revisar).</li> </ul> |
| Intercambios orais cos alumnos | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Diálogo.</li> <li>● Entrevista</li> <li>● Audios na aula virtual</li> </ul>   |
| Probas específicas             | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Probas escritas: Realizaranse un mínimo de dúas por avaliación e a correspondente recuperación.</li> <li>● Valorarase a orde e claridade na presentación.</li> </ul>  |

## 10.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

ACTIVIDADES E TAREFAS (dixitais ou tradicionais) Cada actividade ou tarefa valorarase de 0 a 10. A nota será a media das cualificacións obtidas e **suporá o 50% da nota.**

PROBAS ESPECÍFICAS. Cada proba ou actividade valorarase de 0 a 10. A nota será a media das cualificacións obtidas e **suporá o 40% da nota.**

COMPORTAMENTO E ACTITUDE na aula **suporá o 10% da nota.**

| (A) Tarefas   | (B) Probas específicas  | (C) Comportamento e actitude   |
|---|---|--|
| 50% (máximo 5 puntos )  | 40% (máximo 4 puntos)   | 10% (máximo 1 punto)   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposicións orais en formato dixital ou tradicional.</li> <li>- Presentacións escritas en formato dixital ou tradicional</li> <li>- Lectura</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas escritas (exames de gramática, vocabulario, controis de verbos, comprensión de textos, etc).</li> <li>- Probas orais (monólogos, diálogos, exercicios de comprensión oral, etc).</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Trae o material</li> <li>- Puntualidade na entrega de tarefas</li> <li>- Respecta os compañeiros e as compañeiras e o profesorado</li> <li>- Coida o material e a aula</li> </ul> |

### Observación:

\*A maioría das actividades e tarefas, sexan por escrito ou orais, realizaranse na aula virtual.

\***Entrega voluntaria do caderno:** se o caderno ten un aspecto correcto en canto á limpeza e claridade e está completo o alumno/a poderá ter ata **0,5 puntos** máis que se sumarán a media da avaliación correspondente.

A cualificación de cada avaliación será a suma das cualificación obtidas nos distintos apartados (A, B e C), aplicándolles a porcentaxe correspondente. Naqueles casos na que a nota media teña decimal igual ou superior a “5”, procederase a redondear ao seguinte número enteiro.

**IMPORTANTE** - O alumnado que copie nunha proba terá un cero nesa proba .

A avaliación é continua polo tanto a nota da terceira avaliación será a nota final. Aínda que se terán en conta a primeira e segunda avaliación sempre que favoreza ao alumnado.

Para conseguir que o alumnado, con máis dificultades e con notas baixas, consiga superar a materia, propoñeráselles unhas actividades suplementarias. Esas actividades terán que realizalas no mes de xuño antes da última avaliación.

### AVALIACIÓN NO ENSINO NON PRESENCIAL

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <p><b>Avaliación</b></p>    | <p><b>Procedementos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguimento sistemático do traballo do alumnado</li> <li>2. Análise da produción do alumnado</li> <li>3. Interacción do alumnado</li> </ol>  |
|                             | <p><b>Instrumentos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Rexistro da entrega das tarefas en prazo e forma, da comunicación co alumnado, e da súa actividade nas plataformas dixitais</li> <li>2. Valoración das tarefas realizadas polo alumnado, entre outras ensaios, cuestionarios, actividades de relación e reflexión, resolución de problemas, interpretación de documentos, traballos de investigación, producións de audio.</li> <li>3. Rexistro da interacción do alumnado a través de medios como correo electrónico, abalar móbil, plataformas telemáticas (en particular foros e servizos de mensaxería da aula virtual do centro como instrumento de comunicación) e outros, como evidencia do seu interese e traballo.</li> </ol> |
| <p><b>Cualificación</b></p> | <p>As tarefas serán cualificadas atendendo a rúbrica seguinte<br/>A cualificación das tarefas será sobre <b>10</b></p>   |

| RÚBRICA AVALIACIÓN_TAREFAS ENSINO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL |                  |                           |                         |   |         |     |   |  |         |
|---|------------------|---------------------------|-------------------------|---|---------|-----|---|--|---------|
| Criterios de avaliación                                       | Tarefa           |                           |                         |   |         |     |   |  |         |
|   | Entrega a tarefa | Entrega a tarefa en prazo | Grao de elaboración     |   |         |     | Orixinalidade   | Vocabulario propio   |         |
|   | Si               | Si                        | Respecta as instrucións | Corrección da lingua con respecto ao nivel avaliado 5 |         |     | É creativo, amplía a actividade, fai súas súas quedas pola súa conta. | Utiliza o vocabulario e estruturas gramaticais tratadas na aula/AV. O nivel de lingua corresponde á súa etapa. |         |
|   |                  |                           | Si                      | En parte  | Moi ben | Ben |   |  | Regular |
| CALIFICACIÓN  | 0,5              | 0,5                       | 0,5                     | 0,25  | 5       | 3,5 | 2,5   | 1,5  | 2       |

## 11.DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A principios do curso realizarase en todos os niveis unha avaliación inicial.

|               |  |
|---------------|--|
| <b>2º ESO</b> | Realización dunha proba escrita para valorar a adquisición dos contidos mínimos esixidos no nivel anterior.  |
| <b>4º ESO</b> | Realización dunha proba escrita para valorar a adquisición dos contidos mínimos esixidos no nivel anterior (presencial ou utilizando a Aula Virtual) |

Na ESO estas probas servirán para detectar o nivel do alumnado e de ser o caso adecuar medidas de reforzo para poder acadar o nivel esixido no curso no que está matriculado.

Se de da o caso de que algún alumno ou algunha alumna se matricule en 3º ou en 4º de ESO por primeira vez, pódese recomendar o cambio de optativa se non demostra ter adquiridos os mínimos esixibles para o nivel no que se matricula.

## 12.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Todo profesor ou profesora sabe por experiencia que non hai dous estudantes iguais e que, mesmo se o curso comezou cunha clase de principiantes, a diversidade das personalidades e maneiras de aprender de cada alumno producen cedo diferenzas palpables no grupo-clase. Isto é no fondo o que fai a riqueza e o interese da ensinanza a grupos. Sen embargo, o feito de que as clases estean actualmente compostas por un número cada vez maior de alumnado de diversas linguas e nacionalidades, como en Francia, e de que a secundaria obrigatoria reciba a todo o alumnado, esixe un tratamento moito máis polo miúdo da diversidade. No terceiro ano, e con falsos principiantes, a diversidade acentúase, pois a miúdo incorpóranse ao segundo ciclo rapaces ou rapazas que presentan, con respecto aos demais e en relación coa lingua estranxeira, un nivel e uns costumes moi diferentes. Resulta por tanto imprescindible que o profesorado dispoña de ferramentas realmente útiles e eficaces para facer fronte a estas clases tan atípicas en comparación coas décadas anteriores.

O ensinante deberá propor un traballo específico e axeitado para cada caso e realizará unha reflexión en profundidade sobre o tema, co obxectivo de que a diversidade se converta nunha riqueza onde converxen os diferentes niveis, e non nunha situación que fomente a división entre niveis cada vez máis diverxentes. Trátase de motivar ao alumno ou alumna para aceptar as diferenzas entre as persoas, os países, as culturas; entre os acentos, pero tamén as maneiras de aprender. Trátase de que o alumnado medre coñecendo aos outros e, por tanto, coñecéndose a si mesmo.

As propostas feitas para tratar a diversidade en clase non implicarán o engadido de exercicios suplementarios alleos aos que ofrece o Libro, senón un traballo de varios grupos en paralelo sobre determinadas actividades partindo de fichas que propoñen estratexias diferentes, máis ou menos complexas e é o profesor ou profesora quen decide o seu uso ou non, segundo as circunstancias.

En todo momento, o profesorado pode facer ver ao alumnado en que se complementan os niveis en lugar de en que se opoñen, e intentar que as diversidades entre niveis e aptitudes se convertan en instrumentos de reflexión para «aprender a aprender».

Á parte destes exercicios específicos, farase un tratamento natural e constante da diversidade a través das actividades de expresión oral ou escrita, libre ou semi-libre en grupos e subgrupos dentro da clase, pero tamén fóra dela: correspondencia por correo electrónico e traballo no caderno individual.

Ademais de ferramentas axeitadas para facilitar o traballo colectivo diferenciado na aula, en grupos de diferente sensibilidade ou nivel, empregárase material específico para poder axudar a cada alumno ou alumna, individualmente, a que desenvolva o seu propio potencial, refórce as súas capacidades e coñecementos e, se é o caso, compense supostas carencias: a tal fin utilizaranse

- Os VÍDEOS que facilita o método e outros que posúe o departamento de francés e que están adaptados.
- Os recursos adicionais "PLUS"
- BANCO DE IMAXES DIXITAIS, para facer mil xogos ou actividades creativas baseadas en vocabulario.
- XOGOS para o encerado dixital, para repasar de xeito lúdico os contidos de vocabulario e gramática;
- CANCIÓNS TRADICIONAIS, con karaoke, para traballar a fonética e compartir cos nenos franceses un legado sociocultural imprescindible.
- FICHAS INTERDISCIPLINARES, para ver como se pode descubrir temas doutras materias en francés.
- Se é o caso, o PORTFOLIO.

### **13.ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A nosa contribución ó plan de convivencia do centro está relacionada co tratamento dos temas transversais enumerados no apartado 15. Polo tanto, toda acción educativa do departamento terá como obxectivo a formación humana do noso alumnado e fomentará valores como a igualdade, a tolerancia, a non violencia e o respecto aos demais. Na medida das nosas posibilidades, axudaremos a resolver os problemas derivados das malas condutas e fomentaremos a harmonía e o respecto mutuo dentro e fóra da aula.

### **14.ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL DO CENTRO**

En diferentes partes da programación faise xa alusión as “TIC” pois no mundo actual é imposible obviasas.

A “sociedade da información” en xeral e as novas tecnoloxías en particular inciden de maneira significativa en tódolos niveis do mundo educativo. As novas xeracións van asimilando de xeito natural esta nova cultura que se vai conformando e que para nós implica moitas veces importantes esforzos de formación, de adaptación e de “desaprender” moitas cousas que agora “se fan doutra forma” ou que simplemente xa non serven. Os mais novos e mais novas non teñen o pouso da experiencia de ter vivido nunha sociedade “mais estática” de xeito que para eles o cambio e a aprendizaxe continua para coñecer as novidades que van xurdindo cada día é o normal.

Precisamente para favorecer este proceso que se empeza a desenvolver dende os ámbitos educativos informais (familia, ocio...), a escola debe integrar tamén a nova cultura: alfabetización dixital, fonte de información, instrumento de produtividade para realizar traballos, material didáctico, instrumento cognitivo... Obviamente a escola debe achegar aos estudantes a cultura de hoxe. Por iso é importante a presenza na clase do ordenador ( e da cámara de vídeo, e da televisión...) dende os primeiros cursos, como un instrumento máis, que se utiliza con finalidades diversas: lúdicas, informativas, comunicativas, instrutivas.





tarse á lectura dos textos proporcionados polo método, nin tampouco aos textos que o método propón buscar como documentación de apoio. A lectura de textos máis extensos, de obras creadas para fomentar o pracer de ler debe formar parte da aprendizaxe: por un lado, ler "historias" permitirá aos alumnos comprobar que o que aprenderon ten un sentido real fóra da aula e isto motivaraos. E por outro, comprobarán que a lingua estranxeira non só é útil, senón que pode ser fonte de goce. Hai que deixar claro que a lingua base ten que ser sempre o francés e que se pode utilizar o galego e o castelán sempre como referentes.

### **PROXECTO LINGÜÍSTICO**

Actuacións específicas levadas a cabo dende o departamento de francés:

#### **Lectura de textos**

- Técnicas de lectura creativa
- Obradoiros de animación á lectura
- Actividades de reflexión lingüística e literaria

#### **Fluidez lectora**

- Probas de rapidez lectora
- Técnicas básicas

#### **Comprensión de textos orais e escritos**

#### **Expresión oral e escrita**

- Produción de textos orais e escritos
- Obradoiro de escritura creativa

#### **Outros**

- Adquisición de vocabulario
- Exercicios de soletreo
- Xogos, concursos lingüísticos
- Uso e fomento da biblioteca

## **16.CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

|        |  |
|--------|--|
| 2ºESO  | <ul style="list-style-type: none"> <li>·Respecto polos sentimentos e emocións propios e alleos.</li> <li>·Educación para a saúde por medio dunha correcta alimentación e o exercicio dalgún deporte.</li> <li>·Respecto e tolerancia cara ás opinións e actitudes alleas.</li> <li>·Respecto pola natureza.</li> <li>·Respecto pola diversidade, de sexo, nacionalidade, raza, orientación relixiosa ou sexual.</li> <li>·Coñecemento dos costumes dun país distinto do propio.</li> <li>·Educación viaria.</li> </ul> |
| 4º ESO | <ul style="list-style-type: none"> <li>·Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos</li> <li>·Educación para a paz</li> </ul>  |

|  |   |
|--|---|
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>·Educación para a saúde e educación sexual</li> <li>·Educación moral e cívica</li> <li>·Educación ambiental</li> <li>·Educación do consumidor</li> </ul> |
|--|---|

## 17.ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN

a) Alumnado coa materia 2ªLEF pendente matriculado na materia.

Este alumnado se aproba a 1ª avaliación no curso no que está matriculado terá recuperado o francés pendente.

De non ser así, deberá seguir o proceso indicado para o alumnado non matriculado na materia.

b) Alumnado coa materia 2ªLEF pendente non matriculado na materia.

O departamento propón un seguimento persoal e voluntario ao alumnado que non ten superada a materia, reforzo, atención persoal e aclaración de dúbidas co fin de axudarlle a recuperar a materia. Esa atención levarase a cabo nos recreos ao longo do curso.

**Actividades de avaliación da materia pendente** - Ao alumnado coa materia pendente se lle entregara fichas de actividades. Unha parte no mes de setembro e a segunda parte no mes de xaneiro.

**Criterios para superar a materia pendente** - Entregar no **mes de xaneiro** as fichas de actividades do primeiro trimestre e no **mes de abril** as fichas de actividades do segundo trimestre. Esas fichas de actividades puntuaranse de 0 a 10. Se a media aritmética obtida é igual ou superior ao 5 , terá a materia superada. **Se non entrega as fichas de actividade no prazo indicado terá a obriga de presentarse ás probas de pendentes nas datas fixadas pola xefatura de estudos.**

## 18.MATERIAIS DIDÁCTICOS

|                              |  |
|------------------------------|--|
| Libros de texto              | <p>2º ESO: “Club Parachute 2” libro do alumnado + caderno de exercicios. Editorial Santillana Français.</p> <p>4º ESO: “Club Parachute 4” libro do alumnado + caderno de exercicios. Editorial Santillana Français.</p>  |
| Material complementario      | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Recursos dixitais adicionais dos métodos.</li> <li>● Dicionarios de francés na aula ou na biblioteca.</li> <li>● Películas ou documentais, pequenas curtas didácticas en versión orixinal en préstamo na biblioteca escolar ou na aula de francés.</li> <li>● Lecturas adaptadas e banda deseñada en francés en préstamo na biblioteca escolar ou na aula.</li> </ul> |
| Material dixital/informático | <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Todas as aulas do centro están dotada con conexión a in-</i></li> </ul>  |

|  |   |
|--|---|
|  | <p><i>ternet por cable e wifi a través da rede corporativa da Consellería de Educación.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <i>Canon e un ordenador portátil.</i></li> <li>● <i>Encerado dixital.</i></li> </ul> <p><b>Observación: No curso escolar 2020-21 debido a situación provocada pola covid-19, no departamento-aula de francés hai clases doutras materias. Pasamos a compartir espazo no departamento de clásicas para gardar o material máis privado do departamento e para traballar nas horas de xefatura e outras horas libres. Neste curso 2022-23, a aula aínda non se recuperou para o seu uso habitual.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Aula Virtual</b> da web do Centro.</li> </ul> |
|--|---|

## 19.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Se poderá ofertar ao alumnado unha representación teatral en francés, se está interesado, a escoller entre varias propostas que ofertan distintas compañías teatrais.

Sesións de cine didáctico-pedagóxico en versión orixinal subtitulada para todo o alumnado de francés na sala comercial NUMAX ou calquera outra sala de Santiago que teña unha oferta interesante para a aprendizaxe da lingua.

Neste curso, no marco do ERASMUS +, propúxose e tivo lugar un intercambio de 8 alumnos/as de 4ºESO, co Lycée Gabriel Fauré de Annecy, durante unha semana no mes de marzo 2023.

Proposta de intercambio epistolar entre o alumnado de 2º ESO e o alumnado dun centro da Polinesia francesa.

O Departamento poderá incluír durante o curso calquera outra actividade relacionada coa materia que se programe na contorna do Centro.

Participar en concursos relacionados coa lingua francesa.

## 20.PROCEDEMENTOS E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN/PRÁCTICA DOCENTE.

Como ven sendo habitual dende fai dous anos, a programación do departamento está publicada na páxina web do centro no apartado correspondente aos departamentos, na sección de francés. Para o alumnado de novo ingreso facemos unha sesión de navegación a través da web do centro para que saiban como acceder a toda a información que poden atopar nela. Para o resto do alumnado facemos referencia a necesidade de consultar a web do centro para acceder a este documento e calquera outro que sexa de interese.

A avaliación da programación deberá incluír os seguintes elementos:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes logradas polo alumnado.

- As medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Unha vez por trimestre, rematadas as avaliacións do proceso de aprendizaxe, o departamento procederá á valoración da programación con respecto aos resultados obtidos e tomarase nota dos cambios que se terán que facer na programación do curso lectivo seguinte quedando este reflectido nas actas de Departamento e recollido ao final do curso na memoria anual.

### Procedementos de valoración:

Nas reunións mantidas polos membros do departamento valorarán a programación en función da observación das dinámicas dos grupos e dos resultados que se van acadando ao longo do trimestre; deste xeito na escala de observación para determinar da conveniencia ou non da programación valoraranse os seguintes aspectos:

- Os contidos foron relevantes e significativos?
- A distribución temporal das unidades didácticas foi satisfactoria?
- As actividades de aprendizaxe responden aos obxectivos propostos?
- A metodoloxía foi activa e participativa?
- Fixéronse actividades diversificadas de acordo coas necesidades do alumnado?
- Fíxose unha avaliación continua?
- Contempláronse os procedementos e actitudes?
- Como consecuencia da avaliación, modificouse a práctica docente de ser necesario?
- O alumnado tivo coñecemento dos mínimos esixibles e dos criterios de avaliación?
- Empregáronse todos os medios necesarios para a recuperación?
- Fíxose unha coavaliación (profesor/alumnado)?
- Desenvolvéronse todos os temas transversais programados?
- Realizáronse todas as actividades complementarias acordadas?

En Santiago de Compostela, a 20 de marzo de 2023

Asinada

María Consuelo Cernadas Campos  
Xefa de Departamento

## ANEXOS

### R\_1

#### Rúbrica de avaliación da comprensión oral

Nota máxima 10 puntos

|               | 9 / 10 puntos  | 7 / 8 puntos  | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos                                   |
|---------------|--|---|---|---|
| Escoita       | Mantén unha atención constante durante a exposición.     | Non se distrae durante a exposición das ideas principais.       | Distráese de cando en vez.                                      | Distráese continuamente.                            |
| Comprende     | É quen de resumir correctamente o contido.               | Resume o contido con expresión mellorable.                      | Capta o significado global pero ten dificultade para expresalo. | No capta o significado.                             |
| Xerarquiza    | Distingue entre as ideas principais e as secundarias.    | Distingue entre as ideas principais e algunhas secundarias.     | Distingue a idea principal do texto.                            | Non distingue entre ideas principais e secundarias. |
| Contextualiza | Identifica a situación comunicativa e aporta argumentos. | Identifica a situación comunicativa pero non aporta argumentos. | Identifica con dificultade a situación comunicativa.            | Non identifica a situación comunicativa.            |

## R\_2

### Rúbrica de avaliación da expresión oral

Nota máxima 10 puntos

|                              | 9 / 10 puntos   | 7 / 8 puntos  | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos   |
|------------------------------|---|---|---|---|
| Aspectos paralingüísticos    | Pronuncia con claridade e fluidez todas as ideas que expón. Volume e entoación adecuados. A velocidade facilita a comprensión.                            | Pronuncia con claridade e mostra fluidez pero con algunhas pausas e bloqueos. O volume e a entoación non son adecuados. A velocidade permite a comprensión.                           | Pronuncia sen claridade ou sen fluidez con continuos bloqueos ou pausas. O volume e a entoación son adecuados pero a velocidade dificulta a comprensión.  | No é capaz de pronunciar con claridade e fluidez todas as palabras.   |
| Contido                      | Mostra un amplo dominio dos contidos referentes ao tema. Organiza o tema de forma estruturada e toda a información que presenta está relacionada co tema. | Mostra un dominio adecuado dos contidos referentes ao tema. Presenta abundante información que se relaciona co tema. Organiza o tema sen diferenciar aspectos centrais e secundarios. | Mostra un escaso dominio dos contidos referentes ao tema. Presenta moita información non relacionada claramente co tema. Non estrutura o tema pero si presenta unha mínima organización dos contidos. | Non mostra ningún coñecemento dos contidos do tema. A información non está directamente relacionado co tema. Non organiza o tema, nin o estrutura e tampouco o secuencia. |
| Soportes visuais se é o caso | A presentación está correctamente preparada e atractiva. Tamén está empregada axeitadamente durante a exposición.   | A presentación recolle demasiado texto por cada diapositiva, no é suficientemente atractiva e a información debería estar repartida en máis diapositivas.                             | A presentación está elaborada incorrectamente ao resultar ilexible polo fondo utilizado, a posición das imaxes, a fonte, tamaño e cor da letra, etc.  | Le o contido da presentación ou non presenta ningún soporte visual.   |
| Aspectos gramaticais         | Utiliza suficiente conectores do discurso e realiza mellor un esforzo notable para empregar estruturas sintácticas propias do rexistro que se demanda.    | A pesar do esforzo por construír correctamente o discurso, hai algunha cuestión de estilo que afea o resultado ou repite os mesmos conectores do discurso.                            | Non utiliza en absoluto conectores do discurso ou as estruturas sintácticas usadas son pobres.  | Emprega durante a exposición erros gramaticais evidentes (vulgarismos).   |
| Aspectos léxicos             | Utiliza un vocabulario amplo con terminoloxía propia do tema (mesmo tecnicismos), sendo capaz de diferenciar entre os diferentes rexistros se é o caso.   | Utiliza un vocabulario limitado con deficiencias na comprensión e explicación da terminoloxía aínda que é quen de diferenciar os rexistros.   | Utiliza un léxico pobre e pouco preciso saltando dun rexistro a outro sen ser quen de diferenciarlos.   | Emprega palabras erroneamente ou confunde unhas con outras cometendo incorreccións léxicas graves ou vulgarismos.   |

## R\_3

### Rúbrica avaliación da comprensión escrita

Nota máxima 10 puntos

|  | 9 / 10 puntos  | 7 / 8 puntos  | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos  |
|--|--|---|---|--|
| Identifica as ideas principais do texto.                             | Identifica a idea principal e pode expresala empregando as súas propias palabras.  | Discrimina as ideas principais e secundarias tales e como aparecen no texto.                      | Recoñece frases ou oracións do texto aínda que non distingue entre a idea principal e secundaria.             | Non identifica ideas principais nin secundarias nin entende a maioría das frases ou oracións do texto. |
| Localiza información específica nun texto, gráfica ou táboa.         | Identifica información específica do texto, gráfica ou táboa sen axuda do docente. | Identifica o parágrafo ou as oracións onde se atopa a información demandada coa axuda do docente. | Aínda que le varias veces o texto, gráfica ou táboa, resúltalle complicado localizar a información demandada. | Non é capaz de localizar a información demandada.  |
| Utiliza a información contida nun texto para desenvolver argumentos. | Argumenta o contido do texto baseándose nas súas ideas.                            | Expresa coas súas propias palabras o contido do texto.  | Usa palabras ou oracións do texto para explicar o contido do mesmo.   | Non é capaz de explicar o contido do texto.  |



## R\_4

### Rúbrica avaliación da expresión escrita

Nota máxima 10 puntos

|                             | 9 / 10 puntos   | 7 / 8 puntos   | 5 / 6 puntos   | Menos de 5 puntos   |
|-----------------------------|---|--|--|---|
| Contidos                    | Reutiliza correctamente de forma rica e variada os contidos vistos  | Reutiliza correctamente os contidos pero fáltalle variedade.   | É capaz de reutilizar só unha parte dos contidos, hai moitas repeticións e pouca variedade de vocabulario.   | Omite moitos contidos vistos ou reutilizaos de forma incorrecta.  |
| Respecto da consigna.       | Respecta o enunciado e desenvolve todos os puntos sen omitir nin engadir outros.  | Non desenvolve ou faino de forma parcial un dos puntos do enunciado  | Non desenvolve ou faino de forma parcial dous dos puntos do enunciado.   | .Non desenvolve ou faino de forma parcial a metade dos puntos do enunciado  |
| Uso da lingua               | Comete menos de tres erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía. Ten menos de tres faltas nos acentos. | Comete menos de cinco erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía.   | Comete máis de cinco erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía.  | Comete máis erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía.  |
| Presentación e organización | A redacción está coidadosamente presentada, sen faltas de puntuación. As diferentes partes desenvólvense de xeito coherente e cohesivo.     | A redacción está coidadosamente presentada aínda que ten algúns fallos na puntuación. As diferentes partes desenvólvense de maneira coherente aínda que a utilización de conectores é pobre. | A presentación da redacción é correcta, pero non coida a puntuación. Falta de coherencia na presentación dos contidos e o uso dos conectores é insuficiente. | A redacción está mal escrita. A caligrafía dificulta a comprensión. Hai moitos erros de puntuación, os contidos preséntanse de xeito incoherente e sen entre eles. Non utiliza ningún conector. |

## R\_5

### Rúbrica avaliación caderno de clase

**máximo + 0,5 que se sumaran a media da avaliación correspondente.**

|                   | 0,5  | 0,25  |
|-------------------|--|---|
| Limpeza e coidado | O caderno ten un aspecto moi correcto en canto á limpeza e claridade e cunha moi boa caligrafía. | O caderno ten un aspecto correcto en canto á limpeza e claridade cunha boa caligrafía.        |
| Contido           | Está completo, con todas as tarefas realizadas.  | Está case completo con practicamente todas as tarefas realizadas.                             |
| Erros             | Os erros están ben sinalizados e corrixidos. Non soe volver a repetilos.                         | Os erros están sinalizados e corrixidos. Poucas veces os volve a repetir.                     |
| Autocorrección    | Ten todas as actividades corrixidas e as tarefas realizadas.                                     | A maioría das actividades están corrixidas e as tarefas realizadas aínda que faltan algunhas. |
| Organización      | A información está organizada de xeito temporal.   | Hai algunhas partes que están desorganizadas.   |

## R\_6

### Rúbrica para avaliar a competencia aprender a aprender

Nota máxima 10 puntos

|  | 9 / 10 puntos   | 7 / 8 puntos   | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos  |
|--|---|--|---|--|
| Control e xestión da propia aprendizaxe        | É quen de avaliar as súas capacidades superando con perseveranza as deficiencias seleccionando estratexias e técnicas de estudo adecuadas para obter un rendemento máximo. Desfruta coa aprendizaxe e ten interese e curiosidade por ampliar os coñecementos. | É quen de avaliar as súas capacidades pero non sempre as aplica en situacións concretas. Persevera na intención de melloralas a curto prazo; usa estratexias de estudo axeitadas, pero non suficientes para acadar o máximo rendemento. Desfruta e manifesta interese nalgúns aspectos da súa aprendizaxe. | Recoñece só algunha das súas capacidades, mostra interese en melloralas pero non é perseverante, usa estratexias ou técnicas de estudo inadecuadas para mellorar o rendemento, esfórzase por aprender pero non ten confianza nas propias capacidades. | Non recoñece as súas capacidades e/ou atribúe os seus fracasos a factores externos; non manifesta interese por mellorar nin usa estratexias ou técnicas de estudo axeitadas para mellorar o rendemento. Non cre nas propias capacidades para aprender ou non as utiliza. |
| Xestión efectiva do tempo                      | Planifica metas acadables a curto, medio e longo prazo utilizando unha axenda ou horario semanal. Prioriza as actividades segundo a importancia e o esforzo que requiren e avalía a súa propia xestión do tempo para facer posibles modificacións e melloras. | Planifica metas acadables pero pouco esixentes; utiliza a axenda pero non organiza adecuadamente o tempo necesario para cada unha das actividades. Prioriza a importancia das actividades pero non administra adecuadamente o esforzo nin é quen de modificar a súa planificación de ser necesario.        | Planifica metas pero inacadables, pouco concretas ou só a longo prazo; utiliza a axenda de forma ocasional. Realiza só as actividades urxentes.   | Non planifica metas, non organiza actividades; non é responsable no uso da axenda. Realiza só actividades que non requiren esforzo.  |
| Pensamento crítico e creativo e metacognición. | Fai unha metacognición correcta e é capaz de aplicar estratexias de pensamento a situacións parecidas e a contextos diversos. Toma decisións sobre a súa propia aprendizaxe valorando as súas consecuencias   | Identifica correctamente as etapas do proceso de aprendizaxe e avalía a súa eficacia, pero non é quen de aplicala noutros contextos. Toma decisións pero non valora as súas consecuencias.   | Identifica algúns dos pasos seguidos no proceso de pensamento pero non é capaz de atopar alternativas apropiadas para mellorar a aprendizaxe.   | Só é consciente do pensamento realizado pero non toma decisións sobre a aprendizaxe.   |

## R\_7

### Rúbrica para avaliar actitude do alumnado durante o proceso de ensino aprendizaxe

Nota máxima 10 puntos

|                                    | 9 / 10 puntos   | 7 / 8 puntos  | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos   |
|------------------------------------|---|---|---|---|
| Participación no traballo de clase | Participa activamente en <b>tódalas</b> actividades proporcionando ideas, solucións ou comentarios con fundamento.  | Participa activamente en <b>moitas</b> das actividades proporcionando ideas, solucións ou comentarios claros e concretos.   | Participa nalgúns actividades cando se lle pregunta.  | Non participa nas actividades do grupo_clase nin aporta ideas nin comentarios.  |
| Atención na clase                  | Asiste regularmente e con puntualidade, trae sempre o material e cóidao. Mostra <b>sempre</b> atención e interese na clase de forma activa, toma notas, escoita con respecto e fai preguntas. | Asiste regularmente e con puntualidade, trae sempre o material e cóidao. Mostra interese na clase <b>case sempre</b> , participa de xeito activo, toma notas, escoita con respecto. | Ten algunha falta de asistencia sen xustificar, non sempre trae o material, nin é coidadoso. Xeralmente mostra interese nas explicacións da clase. Presta atención. Algunha vez hai que chamarlle a atención. | Ten moitas faltas de asistencia sen xustificar, non trae case nunca o material e non é coidadoso. Mostra moi pouco interese na clase. Ten unha actitude pasiva. As veces ou con frecuencia hai que chamarlle a atención porque distrae os demais. |
| Realización das tarefas            | Realiza sempre e entrega as tarefas no prazo sinalado.  | Realiza sempre as tarefas pero non sempre as entrega no prazo sinalado.   | Non as fai con certa frecuencia sen xustificación e non sempre as entrega no prazo sinalado.  | A maioría das veces non fai as tarefas nin as entrega no prazo sinalado.  |

## R\_8

### Rúbrica avaliación da expresión dixital

Nota máxima 10 puntos

|                     | 9 / 10 puntos   | 7 / 8 puntos   | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos  |
|---------------------|---|--|---|--|
| Ferramentas físicas | Utiliza estas ferramentas de forma constante.<br>Trae o material.<br>Coñece e comprende totalmente o seu funcionamento.<br>Sabe cando hai que utilizar cada unha delas. | Utiliza estas ferramentas case sempre.<br>Ten algún descoido co material.<br>Coñece e comprende o seu funcionamento bastante ben.<br>Sabe cando hai que utilizar cada unha delas, aínda que ten algún erro ou confusión. | Utiliza estas ferramentas moi pouco.<br>Ten moitos descoidos co material.<br>Ten dificultades para coñecer e comprender o seu funcionamento pero inténtao.<br>Ten confusión sobre cando hai que utilízalas. | Non utiliza estas ferramentas.<br>Non trae o material.<br>Non coñece nin comprende o seu funcionamento.<br>Tampouco o intenta.<br>Non sabe cando hai que utilizar cada unha delas. |
| Ferramentas online  | Utiliza estas ferramentas de forma constante.<br>Trae o material.<br>Coñece e comprende totalmente o seu funcionamento.<br>Sabe cando hai que utilizar cada unha delas. | Utiliza estas ferramentas case sempre.<br>Ten algún descoido co material.<br>Coñece e comprende o seu funcionamento bastante ben.<br>Sabe cando hai que utilizar cada unha delas, aínda que ten algún erro ou confusión. | Utiliza estas ferramentas moi pouco.<br>Ten moitos descoidos co material.<br>Ten dificultades para coñecer e comprender o seu funcionamento pero inténtao.<br>Ten confusión sobre cando hai que utilízalas. | Non utiliza estas ferramentas.<br>Non trae o material.<br>Non coñece nin comprende o seu funcionamento.<br>Tampouco o intenta.<br>Non sabe cando hai que utilizar cada unha delas. |
| Responsabilidade    | Fai un uso correcto das ferramentas. Non entra en páxinas que non debería, ni chats, nin RRSS.  | Hai que chamarlle a atención en algún momento por un uso irresponsable das ferramentas.  | Hai que chamarlle a atención frecuentemente por un uso irresponsable das ferrametas.  | Non quere facer un uso correcto das ferramentas.   |
| Innovación          | Usa estas ferramentas noutros ámbitos.  | Ó principio cústalle empregarlas pero unha vez aprendido o seu manexo, utilízalas con frecuencia.  | Non lle gusta usalas e carece de autonomía no seu manexo.   | Non quere facer uso destas ferramentas nin se deixa axudar ni aconsellar.  |

## R\_9

### Rúbrica para avaliar a competencia cultural e artística

Nota máxima 10 puntos

|  | 9 / 10 puntos  | 7 / 8 puntos  | 5 / 6 puntos  | Menos de 5 puntos  |
|--|--|---|---|--|
| Valoración crítica e disfrute das expresión cultural e artística | Respecta, recoñece e valora os demais sobre melloiras nas producións e expresións culturais e artísticas.  | Coñece e valora as producións culturais e artísticas dos demais.  | Coñece e valora as producións culturais e artísticas dos compañeiros/as.  | Non recoñece nin valora as producións culturais e artísticas en xeral.   |
| Elaboración propia de creacións culturais e artísticas           | Realiza e produce de forma creativa obras culturais e artísticas utilizando técnicas e materiais artísticos.   | Produce unha obra artística utilizando distintas técnicas e materiais artísticos.   | Produce unha obra artística pero so utiliza unha técnica e poucos materiais artísticos.   | Non é quen de producir unha obra artística nin de empregar técnicas nin materiais artísticos.  |
| Patrimonio cultural e artístico dos pobos.                       | É quen de recoñecer e explicar con detalle os lugares que se mencionaron ou visitaron, monumentos, festividades ,personaxes importantes e valorar e recoñecer os usos e costumes | Nomea e recoñece monumentos, lugares explicados ou visitados, festividades e personaxes importantes e valorar e recoñecer os usos e costumes. | Nomea e recoñece polo menos algún monumento, lugar visitado ou explicado, festividade e personaxe importante e pero non é quen de valorar e recoñecer sempre os usos e costumes | Non nomea nin recoñece ningún monumento, lugar visitado ou explicado, festividade ou personaxe importante e tampouco é quen de valorar e recoñecer os usos e costumes. |

## R\_10

### Rúbrica para avaliar a competencia social e cívica

Nota máxima 10 puntos

|   | 9 / 10 puntos   | 7 / 8 puntos  | 5 / 6 puntos   | Menos de 5 puntos   |
|---|---|---|--|---|
| Relacións persoais                                  | Ten un rexistro lingüístico amplo e sabe dirixirse ós compañeiros e ós adultos de forma educada; sabe traballar de forma coordinada compartindo sen dificultades materiais e ferramentas propias e alleas.  | Usa o rexistro lingüístico adecuado a cada situación e facilita materiais propios e da aula.  | Fala de forma educada e con respecto e comparte materiais e ferramentas da aula.   | Fala de forma despectiva, con malos modos e non comparte materiais e ferramentas.   |
| Habilidades para o traballo cooperativo e eficiente | Relaciónase e coordínase cos compañeiros/as facilitando as relacións entre o grupo.   | Organízase e coordínase cos compañeiros/as por zonas, materiais e ferramentas de traballo.  | Organízase e coordínase cos compañeiros/as aínda que as veces xorden conflitos.  | Non se organiza nin coordina adecuadamente cos compañeiros/as nin por zonas, materiais, nin ferramentas de traballo.  |
| Participación democrática e exercicio de cidadanía  | Respecta e favorece o cumprimento das normas da aula e do centro por parte do alumnado do seu grupo.<br>Suxire e pon en práctica melloras para o desenvolvemento eficaz das sesións de aprendizaxe na aula. | Respecta as normas da clase e do centro sen crear conflitos cos seus compañeiros/as e profesorado.<br>Realiza suxestións ou melloras para o desenvolvemento da aprendizaxe na aula. | Respecta as normas da clase e do centro aínda que as veces comete algunhas faltas leves.<br>Realiza polo menos algunha suxestión para mellorar e favorecer a xestión da aprendizaxe na aula. | Non soe respectar as normas da clase e do centro de forma habitual.<br>Non mostra ningún interese en mellorar nin participar na xestión da aprendizaxe na aula. |
| Comprensión, respecto e práctica de valores sociais | Manifesta empatía, solidariedade, igualdade, compañeirismo e respecto cos docentes e co alumnado do centro.   | Manifesta empatía, solidariedade, igualdade, compañeirismo e respecto co seu grupo ou clase.  | Manifesta empatía, solidariedade, igualdade, compañeirismo e respecto aínda que en ocasións xorden problemas.  | Non manifesta empatía, solidariedade, igualdade, compañeirismo e respecto cos docentes e co alumnado do centro.   |